

A close-up photograph of a hand holding a light-colored chess piece, likely a knight, against a blurred background of a chessboard. The lighting is warm and soft, highlighting the texture of the hand and the piece.

Moogade

XADREZ

XOGOS GALEGOS DEPORTIVOS EN IDADE ESCOLAR

1. INSCRACIÓNS

A inscrición no programa XOGADE (Xogos Galegos Deportivos) en Idade Escolar formalizarase a través páxina web: xogade.xunta.gal. Pódese acceder tamén a través da web da Secretaría Xeral para o Deporte: deporte.xunta.gal.

A data de peche de inscrición será o 31 de xaneiro de 2017.

2. CALENDARIO

Fases comarcais: febreiro - marzo.

Fases intercomarcais: marzo-abril.

Fase provincial: abril-maio.

3. PARTICIPANTES

Benxamín, alevín, infantil e cadete.

Inscricións por equipos: mixtos ou feminino.

Composición de equipos: catro xogadores máis dous suplentes. Na fase zonal poderán participar máis ou menos de 4 xogadores/as se se xoga polo sistema suízo individual, aínda que a clasificación seguirá sendo por equipos.

4. CATEGORÍAS

Benxamín: nados nos anos 2008-2007

Alevín: nados nos anos 2006-2005

Infantil: nados nos anos 2004-2003

Cadete: nados nos anos 2002-2001

No caso de haber competición da categoría cadete, será organizada pola Federación Galega de Xadrez.

5. SISTEMA DE COMPETICIÓN

Xogarase unha fase comarcal, que pode ser liga por equipos, suízo por equipos ou suízo individual.

A fase intercomarcal disputarase co sistema de liga por equipos, ou ben por eliminatorias a un só encontro (semifinal, final e final de consolación) se o número de equipos o aconsella. En calquera caso, consistirá nun enfrontamento a 4 taboleiros por equipo.

No campionato provincial, será obrigatoria a anotación da partida alxebricamente, agás os derradeiros 5 minutos de cada xogador.

O ritmo de xogo poderá variar entre os 30 e os 90 minutos, por xogador/a e partida, segundo a categoría e a fase que se dispute.

O uso de reloxo será obrigatorio a partir da fase provincial, aínda que se recomenda o seu emprego nas fases comarcais e intercomarcais. O árbitro queda facultado para a súa

imposición no suposto de observar condutas antideportivas ou cando a duración da partida así o aconselle.

6. FASES

As categorías benxamín, alevín e infantil rematarán na fase provincial.

Ao campionato de España asistirán as seleccións galegas compostas polos/as xogadores/as que se mencionen na convocatoria da competición, nomeados/as pola Federación Galega de Xadrez, e que reúnan os requisitos esixidos nas normas do CSD.

7. COMPOSICIÓN DOS EQUIPOS

Para as fases que supoñan desprazamento, cada equipo terá dereito a desprazar 6 xogadores/as e 1 delegado/a ou adestrador/a.

En todas as fases que se desenvolvan na modalidade de competición por equipos, as entidades participantes deberán presentar unha orde de forza que non poderá ser modificada durante a mesma fase.

En cada equipo poderán inscribirse 3 xogadores/as da categoría inmediatamente inferior.

8. OUTRAS NORMAS

Todos os aspectos non recollidos neste regulamento rexeranse pola normativa da FIDE. Tanto a Secretaría Xeral para o Deporte como a Federación Galega de Xadrez, proporcionarán a documentación necesaria en cada unha das fases para o bo desenvolvemento do campionato. Para máis información pódese consultar a páxina web da Federación Galega de Xadrez: www.fegaxa.org.

Tamén será de aplicación a normativa xeral de Xogade que se pode consultar na páxina web da Secretaría Xeral para o Deporte: xogade.xunta.gal.